

2) Para os que queiran andar polo monte, admirar as paisaxes acercarse á natureza, levar na retina a esencia dos bosques e dos montes.

1.- **Rutas guiadas.** Ofrecemos a posibilidade de contratar guías (avisando con antelación) para aquelas rutas mais difíciles de localizar. Hai que ter en conta que as sendas son estreitas e van polo medio do monte, algunhas están medias perdidas e só se pode acceder coa compañía de alguén da zona que as coñeza ben. Algunhas das rutas que se poderían facer mediante esta modalidade son:

- O Campo - Os Acebais - Val da Fereita e volver polo camiño de Moreira ou polo Canto da Cabeza.

- Ponte de Agulleiro - Chao das Penas - As Lastras dos Requeixos e volver polo Campo ou pola Senda Grande

- As lastras dos requeixos, volver por Campo Redondo

- Os acebis, a Golada, volver pola Cruz e o Canto da Cabeza

- Cruzar a reboleira de Vilarello pola Senda Nova (hai que deixar un coche ó final da ruta e outro ao comezo para nun ter que desandar o camiño)


2) Inicio ou fin de ruta en coche Outra modalidade sería acercar á xente que queira facer unha ruta larga ao inicio da mesma co coche ou recollelos a unha hora indicada:

- A freita (para facer o cordal dende Pena Rubia ata Piornedo).
- O porto de Ancares (para vir por Cuiña e á braña de Piornedo).
- Burbia (para volver a Piornedo por Brego).
- Albergue de Ancares (para vir dende Tres Obispos e á braña de Piornedo)...

foto dos cumes con

3) Rutas libres: rutas sinalizadas, rutas que teñen bo camiño ou con visibilidade (polos cumes) e rutas que pasan pobos, onde se pode preguntar a alguén.

- Rutas sinalizadas: Tralo Sesto (ruta etnográfica sinalizada con paneis, folletos...)



Rutas polos cumes convén ir provisto de calzado axeitado, roupa de abrigo, sombreiro, protección solar, auga e algo de comer.

. Porto de Ancares – Cuiña.

Duración aproximada da ruta: 1,5 horas (só ida)

Deixamos o coche na explanada que hai no porto de Ancares e collemos á dereita (cara ó leste). A ruta non ofrece ningunha dificultade pois o sendeiro discorre polo cordal e está ben definido polo que non o imos perder. Recomendamos subir ó pico de cuiña que é o monte mais alto da Serra de Ancares e dende alí, se o día está claro pararse tranquilamente para velo todo (ó lonxe Lugo ou Ponferrada, os vales, os pobos... con prismáticos seguro que se poden localizar algunha mada de rebezos ou de cabras montesas nalgún pico) e, os que vaian cansos poden optar por descansar no Pozo de Ferreira, unha lagoa Glaciar situada na vertente noroeste de Cuiña.

O pozo de ferreira tamén é un bo sitio para merendar pois o monte sempre da fame pero... no verán acostuma haber bastante xente.

A volta ata o coche é polo mesmo camiño.

. Porto de Ancares – Miravalles

Duración aproximada da ruta: 2 horas (só ida).

Deixamos o coche no mesmo lugar que para a ruta anterior pero esta vez imos coller a senda que vai pola corda cara ó oeste (á esquerda). Tampouco non hai moita posibilidade de perder o sendeiro porque está moi pisado.

A ruta é segura pero nun pequeno tramo as persoas que teñan de vértigo poden sufrir un pouquiño. A subida ó pico é moi empinada e faise algo dura pero a satisfacción que produce alcanzar a cima e as vistas merecen todos os esforzos.

. Piornedo – Mustallar

Duración aproximada da ruta: 2,5 horas (só ida).


O camiño cóllese ó lado da capela de San Lourenzo, no pico do Pobo. É unha pista ancha e ben definida pola que transitan tractores e coches todo terreo (unicamente para usos agrícolas e gandeiros e para a vixilancia da reserva de caza polo que está protexida cunha cancela).

Seguimos o camiño tranquilamente e vamos pasando por varias campas: O Campo, O Chao Grande, Campo Redondo, a Mallada (onde están os restos da cabana dos pastores de Piornedo). Dispois de pasar a Mallada e atravesar o río vemos en toda a súa extensión a Braña de Piornedo, un gran circo glaciario rodeado por montañas ou tesos: ó sueste a Meixón Vella (onde aínda quedan restos dos correlois e cabanas dos Estremeños e Castellanos que chegaban cos seus rabaños de ovellas e cabras ata estas terras ata finais do século XIX), ó leste O Pico de Lanza e O Mustallar, coa Pena de Portelín, ó noroeste Pena Longa, e no medio destes dous últimos o Pico do Porto, por onde se colle o sendeiro de Burbia.

A subida ó Mustallar faise algo dura, o mellor é subir ó Pico do Porto e dende alí axudarse co peche de arames que chega ata o pico (feito polos veciños para que as vacas non se derriben).

Ó chegar arriba veremos como mereceu a pena o esforzo.

Esta ruta pode ter moitas variantes, unha vez na Braña podemos ir a Pena Longa (e achegarnos ata Cuña) ou subir ó Pico de Lanza, seguir polo teso ata Tres Obispos, pasar a Villous (detras de Mustallar) ou mesmo facer unha ruta longa ata Burbia (mais de 5 horas de camiño, só de ida, polo Pico do Porto e pola Abiduliña ou por Villous).



- Rutas por Pobos. Estas rutas teñen a vantaxe de que podemos falar coa xente dos lugares, preguntar polo camiño correcto.. e de paso botar unha parrafada, se o interlocutor ten ganas de contos.

- Piornedo - Moreira
- Piornedo - Vilarello
- Piornedo - Donís - Igrexa de Donís - As pontes - Xantes – Vilarello - Piornedo